XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Plan de Acreditación da experiencia profesional

# Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

| **Unidade de competencia.** | **Código.** | **Nivel.** |
|---|---|---|
| Comunicarse en inglés, cun nivel de usuario independente, nas actividades turísticas | UC1057_2 | 2 |

**Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.**

| **Cualificación profesional.** | **Código.** | **Nivel.** |
|---|---|---|
| Recepción | HOT094_3 | 3 |
| **Título de formación profesional.** | **Código.** | **Nivel.** |
| Axencias de viaxes e xestión de eventos | SHOT02 | Grao superior |
| Xestión de aloxamentos turísticos | SHOT01 | Grao superior |

**Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.**

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.
Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

---

, de de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI

## Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS).
Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:
1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

### APP1 Comunicarse oralmente en inglés con clientes e provedores no ámbito da súa actividade profesional no sector turístico.

| | | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS1.1 | Obter información das mensaxes orais expresados pola clientela e os provedores, a velocidade normal no ámbito da actividade turística, posibilitando a prestación dun servizo adecuado, a satisfacción da clientela, o intercambio de información con outros profesionais do seu ámbito, etc. | | | | |
| APS1.2 | Informar a clientela e os provedores no ámbito da actividade turística, posibilitando a prestación dun servizo adecuado, a satisfacción da clientela, o intercambio de información con outros profesionais do seu ámbito, etc. | | | | |
| APS1.3 | Comunicarse oralmente con clientes ou provedores no ámbito da actividade turística, con fluidez e espontaneidade, empregando unha linguaxe estándar e atendendo aos condicionantes que poidan afectala (o medio de comunicación, presencial ou telefónico, o número e as características dos interlocutores, os costumes no uso da lingua, a claridade da pronunciación, o tempo de que se dispoña, os acentos, o ruído ambiental, interferencias e distorsións, etc.). | | | | |

### APP2 Comunicarse en inglés escrito con clientes e provedores no ámbito da súa actividade profesional no sector turístico.

| | | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS2.1 | Obter información da documentación escrita en inglés no ámbito da actividade turística, como instrucións, informes, manuais, publicidade, cartas, faxes, correos electrónicos e notas, con detalle e axilidade, sen precisar un dicionario e adecuando a interpretación aos condicionantes que a poidan afectar (a canle da comunicación, os costumes no uso da lingua, a grafía deficiente, a impresión de baixa calidade, etc.). | | | | |
| APS2.2 | Cubrir e/ou producir en inglés escrito documentos tales como instrucións, cartas, faxes, correos electrónicos e notas, referidos a situacións propias da actividade turística, resultando coherentes, intelixibles e correctos na gramática e na ortografía, utilizando un vocabulario amplo propio do seu ámbito profesional e atendendo aos condicionantes que a poidan afectar (a comunicación formal ou informal, os costumes no uso da lingua, a canle de comunicación, as características dos receptores da mensaxe, etc.). | | | | |